



### CONCELLOS

#### ALFOZ

##### *Anuncio*

#### **Nomeamento Persoal Laboral Fixo. Operario/a de servizos múltiples**

Concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021) de unha praza de Operario/a de Servizos Múltiples segundo a convocatoria publicada no BOP Lugo núm. 295 de 27 de decembro de 2022, por Decreto de Alcaldía Número 2023-0883 de data 20 de novembro de 2023 procedeuse a:

Autorizar a contratación como persoal laboral fixo a favor de PEDRO FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, con DNI: \*\*\*2016\*\*, para desempeñar á praza de OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral do Concello de Alfoz.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Alfoz, 20 de novembro de 2023.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 3631

### BECERREÁ

##### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía, de data 17/11/2023, prestouse aprobación inicial ao padrón da Taxa por Ocupación de Beirarrúas con mesas e sillas correspondente ao ano 2023.

Conforme adisposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 16/01/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento,

segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordó co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 17 de novembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3632

---

## CARBALLEDO

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 23 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por abastecemento de auga, acometida e traspasos de titularidade expónse ao público polo prazo de trinta días, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo

O expedientes considererases definitivamente aprobados si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 24 de novembro de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3696

---

### *Anuncio*

En sesión plenaria extraordinaria celebrada con data 23 de novembro de 2023 foi inicialmente aprobado o expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor na modalidade de transferencia de crédito (1/2023) por importe de 17.000,00 € (DEZASETE MIL EUROS) o que faise público polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación alguna ao mesmo.

Carballedo, 24 de novembro de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3697

---

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 23 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, expónse ao público polo prazo de trinta días, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo

O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 24 de novembro de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3698

---

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 23 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación Acordo Regulador do Prezo Público pola prestación de servizos na Residencia de Maiores do Concello de Carballedo expónse ao público polo prazo de trinta días, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo

O expediente considererá definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 24 de novembro de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3699

---

*Anuncio*

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 23 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, expónse ao público polo prazo de trinta días, durante o cal, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo

O expedientes considererá definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 24 de novembro de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3700

---

*Anuncio*

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 23 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente do Orzamento Xeral, as Bases de Execución, a Relación de postos de Traballo e a Plantilla de Persoal para o exercicio 2024, expónse ao público polo prazo de quince días, durante o cal, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e co artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O expediente considererá definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 24 de novembro de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3701

---

*Anuncio*

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 23 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo servizo de recollida domiciliar de lixo expónse ao público polo prazo de trinta días, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo

O expediente considererá definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 24 de novembro de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3702

---

*Anuncio*

**NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE CARBALLEDO**

Unha vez finalizado o proceso selectivo convocado polo sistema de concurso para o ingreso nas prazas de persoal laboral fixo no Concello de Carballedo incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 (BOP núm.119, do 26.05.2022) a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data 23 de novembro de 2023, acordou nomear como persoal laboral fixo do Concello de Carballedo aos candidatos propostos polo Tribunal cualificador que de seguido se relacionan:

**OPERARIO SERVICIOS VARIOS**

NOME E APELLIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
JOSÉ LUIS QUINTELA RODRÍGUEZ	****451-D	Operario de Servicios varios	V	Operario de servicios múltiples	Completa
JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ TUMBEIRO	****702-L	Operario de Servicios varios	V	Operario de servicios múltiples	Completa
FRANCISCO BLANCO GARCÍA	****554-E	Operario de Servicios varios	V	Operario de servicios múltiples	Completa
BRAIS COUSO TOURIÑO	****888-W	Operario de Servicios varios	V	Operario de servicios múltiples	Completa
ADRIÁN RODRÍGUEZ JORGE	****248-H	Operario de Servicios varios	V	Operario de servicios múltiples	Completa

**OPERARIO LIMPEZA**

NOME E APELLIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
M <sup>a</sup> BRÍGIDA TOURIÑO MARTÍNEZ	****721-P	Operario de Limpeza	V	Operario de Limpeza	Completa
ROSA COVELA SOUTOLONGO	****558-R	Operario de Limpeza	V	Operario de Limpeza	Completa

**AUXILIAR ADMINISTRATIVO XULGADO DE PAZ**

NOME E APELLIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
FERNÁNDEZ LOBELLE, JOSÉ ANTONIO	****409-P	Auxiliar Administrativo	Escala de administración especial, subescala técnica,	IV	Auxiliar Administrativo Xulgado de paz	Media xornada

**AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL**

NOME E APELLIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
JESÚS SÁNCHEZ RODRÍGUEZ	****786-P	Axente de Desenvolvemento Local	Escala de administración especial, subescala técnica,	II	Axente de Desenvolvemento Local	Completa

**AXENTE TIC**

NOME E APELLIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
SILVIA VÁZQUEZ CRESPO	****179-T	Axente TIC	Escala de administración especial, subescala técnica,	IV	Axente TIC	Completa

**INFORMADOR/A XUVENIL**

NOME E APELIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
BEATRIZ RÍOS IGLESIAS	*****125Q	Informador/a xuvenil	Escala de administración especial, subescala técnica,	IV	Informador/a xuvenil	Completa

**AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

NOME E APELIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
ESTEFANÍA LÓPEZ FERNÁNDEZ	*****622-E	Auxiliar Administrativo	Escala de Administración xeral, subescala auxiliar	IV	Auxiliar Administrativo	Completa
LORENA LORENZO DEUS	*****054-Z	Auxiliar Administrativo	Escala de Administración xeral, subescala auxiliar	IV	Auxiliar Administrativo	Completa

**TRABALLADOR/A SOCIAL**

NOME E APELIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
M <sup>a</sup> BELÉN GONZÁLEZ SASTRE	*****648-C	Traballador/a social	Escala de administración especial, subescala técnica	II	Traballador/a social	Completa

**AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR**

ADMITIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
AMALIA TOURIÑO MARTÍNEZ	*****680-M	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
M <sup>a</sup> DEL MAR RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	*****835-X	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
DELIA NOVOA IGLESIAS	*****138-M	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
GUMERSINDA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	*****139-R	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
SONIA GONZÁLEZ GARCÍA	*****714-Q	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
GENEROSA UCHA DEUS	*****754-Q	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa

PAULA SAMPAYO DE LA TORRE	*****599-J	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
PILAR CALVIÑO GONZÁLEZ	*****911-L	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
MANUELA FERREIRO MAZAIRA	*****066-S	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
MÓNICA VÁZQUEZ PRADO	*****369-B	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas no acordo da Xunta de Goberno para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP.

Carballedo, 24 de novembro de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3703

## CHANTADA

### Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 19/10/2023 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 42/2023 baixo a modalidade de suplemento de crédito 02/2023 con cargo a liquidación definitiva da participación dos tributos do Estado do exercicio 2021 por importe de 57.617,44 €.

Con data 26.10.2023 publicouse no boletín oficial da provincia nº 246 anuncio da súa aprobación inicial. Transcorrido o prazo establecido, non se presentaron alegacións polo que queda automaticamente elevado a definitivo o acordo inicial do pleno.

Ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.622.460,78
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	85.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	721.659,58
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.389.658,92
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.111.151,67
8	ACTIVOS FINANCEIROS	2.097.464,52
9	PASIVOS FINANCEIROS	
<b>TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>11.037.295,47</b>
ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	3.286.729,04
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.892.386,68
3	GASTOS FINANCEIROS	17.789,48
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	304.580,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	
6	INVESTIMENTOS REAIS	3.018.345,82
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	480.971,43
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	36.493,02
<b>TOTAL DO ESTADO DE GASTOS</b>		<b>11.037.295,47</b>

Chantada, 20 de novembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3633

### Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 19/10/2023 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 43/2023 baixo a modalidade de transferencia de crédito 15/2023 por importe de 62.000,00 €.

Con data 26.10.2023 publicouse no boletín oficial da provincia nº 246 anuncio da súa aprobación inicial. Transcorrido o prazo establecido, non se presentaron alegacións polo que queda automaticamente elevado a definitivo o acordo inicial do pleno.

Aoabeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publicase o resume do mesmo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.622.460,78
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	85.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	721.659,58
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.389.658,92
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.111.151,67
8	ACTIVOS FINANCEIROS	2.097.464,52
9	PASIVOS FINANCEIROS	
<b>TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>11.037.295,47</b>
ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	3.224.729,04
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.954.386,68
3	GASTOS FINANCEIROS	17.789,48
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	304.580,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	
6	INVESTIMENTOS REAIS	3.018.345,82
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	480.971,43
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	36.493,02
<b>TOTAL DO ESTADO DE GASTOS</b>		<b>11.037.295,47</b>

Chantada, 20 de novembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3634

## A FONSAGRADA

### Anuncio

**Procedemento:** Aprobación dun Padrón Fiscal

**Expediente número:** 635/2023

**Asunto:** Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de outubro do 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 20 de novembro de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de outubro de 2023, polo importe total de 12.711,17 € (dependencia) e 238,80 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 20 de novembro de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 3635

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2 FRACCION MATRICULA CURSO 2023-2024**

Por Xunta de Goberno Local do día 13.11.2023 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Segunda Fracción Matrícula curso 2023-2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 23.11.2023 ata o 23.01.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 20 de Novembro do 2023- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3636

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA outubro 2023**

Por Xunta de Goberno Local do día 13.11.2023 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de outubro de 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 29.11.2023 ata o 29.01.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.



Monforte de Lemos, 20 de novembro de 2023.-O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3637

## MURAS

### Anuncio

Aprobación definitiva expediente crédito extraordinario/suplemento de crédito

#### EDICTO

Tendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de crédito extraordinario/suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería, por acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 10 de novembro de 2023 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o Orzamento do ano 2023, trala entrada en vigor do devandito expediente, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle

#### GASTOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	ALTAS	BAIXAS	TOTAIS
	Operacións correntes			
1	GASTOS PERSOAL			593.520,27
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	43.488,82		1.184.736,15
3	GASTOS FINANCEIROS			3.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.050,00		16.750,00
	Total operacións correntes			1.748.467,60
	Operacións de capital			
5	FONDO CONTIENGENCIAS E OUTROS IMPREVISTOS			5.000,00
6	INVESTIMENTOS REAIS			108.486,87
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS			0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS			0,00
	Total operacións de capital			110.486,87
TOTAL XERAL				1.908.493,29

#### INGRESOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	IMPOSTOS INDIRECTOS	1.131.500,00
2	IMPOSTOS DIRECTOS	6.500,00
3	TAXAS E OUTOS INGRESOS	123.300,00

4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	585.405,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	500,00
	Total operacións correntes	1.847.205,00
	Operacións de capital	
6	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	49.538,82
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	Total operacións de capital	0,00
TOTAL XERAL		2.073.929,48

Muras, 20 de novembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3638

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL**

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 16 de novembro aprobou inicialmente a modificación do Anexo de subvencións nominativas do exercizo 2023

En cumprimento do disposto no artigo 169 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

A Pastoriza, 20 de novembro de 2023.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 3639

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL**

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 16 de novembro de 2023 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2023.24, na modalidade de transferencia de crédito entre partidas pertencentes a distintas áreas de gasto.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

A Pastoriza, 20 de novembro de 2023.- O Alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 3640

## VIVEIRO

## Anuncio

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO PISCINA”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO PISCINA ”** persoal laboral fixo.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 27 de maio de 2023.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO PISCINA ”** persoal laboral fixo en data 22 de novembro de 2023.

Vista a base xeral 11, que sinala **“(…) 11. PROBA DE GALEGO.**

*Esta proba é obrigatoria e eliminatoria de conformidade co disposto nas presentes bases.*

*Realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica.*

*Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.*

*A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.*

***Para os grupos A e C:** Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase únicamente como apto ou non apto. Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego ou de galego para*

castelán, cuxo contido correponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación...

Vista a base xeral 11.1; 11.2 e 11.3, que sinala "(...)11.1. **Citación.**

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditaran o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) indicando a data, lugar e hora para a realización da proba de galego, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 hora.

### 11.2. **Chamamentos.**

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan, excepto casos de forza maior, debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, nos que se determinarán as medidas a adoptar.

### 11.3. **Identificación.**

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provisto/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais.

De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo...

Vista a base xeral 11.6 e 11.7, que sinala "(...)11.6. **Criterios de corrección.**

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización da proba, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización, nas probas nas que proceda pola súa natureza.

### 11.7. **Publicación e alegación.**

Os resultados faranse públicos no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios, na páxina web e no local de celebración, nun prazo máximo de (2) dous días hábiles dende a celebración da proba.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de (3) tres días hábiles seguintes á publicación dos resultados no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións.

De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite...

Vista a base xeral 12, que sinala "(...)12. **BAREMOS DE MÉRITOS**

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego...

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-CITAR** aos membros do Tribunal e **AOS ASPIRANTES ADMITIDOSNON EXENTOS DA PROBA DE GALEGO** para que comparezan no salón de Plenos do Concello de Viveiro o **MARTES DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2023, ÁS 08:30 HORAS**, aos efectos de realizar a **PROBA DE GALEGO**.

**SEGUNDO.-** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Viveiro, 23 de novembro de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3683

## Anuncio

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de

estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO PISCINA (TEMPO PARCIAL)”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO PISCINA (TEMPO PARCIAL)”** persoal laboral fixo.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 24 de abril de 2023.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO PISCINA (TEMPO PARCIAL)”** persoal laboral fixo en data 22 de novembro de 2023.

Vista a base xeral 11, que sinala **“(…) 11. PROBA DE GALEGO.**

*Esta proba é obrigatoria e eliminatoria de conformidade co disposto nas presentes bases.*

*Realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica.*

*Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.*

*A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.*

***Para os grupos A e C:** Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase únicamente como apto ou non apto. Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación...”*

Vista a base xeral 11.1; 11.2 e 11.3, que sinala **“(…)11.1. Citación.**

